XXXVI CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA – BRIÓN
"VI Circuito Carreiras Populares Deputación da Coruña"
Sábado 6 de Outubro de 2018 a partir das 17:00 h

O Concello de Brión organiza a XXXVI edición da súa carreira popular o **sábado 6 de outubro de 2018 a partir das 17 horas na Carballeira de Santa Minia (Brión)** baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo (Delegacion de Santiago). Esta carreira é unha proba oficial da FGA con distancia non homologada e está integrada dentro do VI Circuito de Carreiras Populares de Deputación de A Coruña que se desenvolverán ao longo do ano 2018.

NORMATIVA XERAL

A XXXVI CARRERIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAIA rexerase polas actuáis regulamentacións de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

A proba estará subscrita ao seguro de responsabilidade civil do Concello de Brión. Tamén contará con un seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199.

Asi mesmo a proba contará cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico.

A organización resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade, circunstancias que serán comunicadas aos participantes con tempo suficiente.

No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha *alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente*. Buscarase unha data adecuada para desenvolvela e non se devolverán os cartos da inscrición.

O Concello de Brión porá a disposión dos participantes na carreira o Pavillón Polideportivo de Brión para que se poidan duchar. Así mesmo tamén porá a disposición dos corredores un servizo de garda roupa situado na Casa da Cultura.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.

O peche do control na carreira absoluta, producirase o cabo de 1 hora a contar dende que o primeiro participante cruce a liña de meta.

A organización non se fai resposable dos danos que poida sufrir algún participante da proba, pero evitará por todos os medios de evitalos.

PARTICIPANTES

Nesta proba poderán participar atletas tanto federados como non federados.

Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.

Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

Os participantes na XXXVI Carreira Pedestre da Amaia estarán rexidos pola conducta "fair play" e comprométense a levar durante a realización da mesma un comportamento leal e sincero ademais de correcto no deporte, en especial fraterno cara o contrincante, respetuoso coa organización e correcto cos asistentes.

Os atletas con licenza pola FGA deberán competir coa camiseta oficial do clube e terán que aterse ao regulamento de Disciplina Deportiva en vigor.

Os participantes serán descalificados inmediatamente por calquera dos seguintes motivos:

- Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión na parte anterior do corpo, ou manipular ou modificar este.
- Participar cun dorsal que corresponde a outro corredor.
- Non pasar polos controis de carreira establecidos.
- Non realizar o percorrido da carreira completo.
- Non atender as indicacións dos membros da Organización ou xuíces.
- Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.
- Pretender participar na carreira popular sen terse inscrito previamente.
- Cometer conductas que a xuizo da organización da Carreira poida ser considerada como antideportiva.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente na contra do espírito deportivo.

A participación de atletas de outras Federacións Autonómicas e atletas extranxeiros rexirase polo *REGLAMENTO PARA LAS COMPETICIONES DE CAMPO A TRAVÉS, MARCHA, RUTA, MONTAÑA, TRAIL Y REUNIONES DE PISTA CUBIERTA Y AIRE LIBRE 2016-2017*, a través do seu artiglo 3.4. Dito reglamento poderá consultarse no seguinte enlace:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2018/00Reglamentacion2017_2018.pdf

CATEGORÍAS, DISTANCIAS, HORARIOS E CIRCUITO

Na presente edición da proba establécense as seguintes categorías, distancias e horarios:

	CATEGORIA	SEXO	NADOS/AS	DISTANCIAS	HORARIOS
NENOS/AS	PITUFO/A*	Mixto	2013 e posteriores	100 m.	17:00 h.
	PREBENXAMIN*	Mixto	2012 – 2011	350 m.	17:10 h.
	SUB 10	MÁSCULINO FEMENINO	2010 – 2009	500 m.	17:20 h
	SUB 12	MÁSCULINO FEMENINO	2008 – 2007	500 m.	17:30 h.
	SUB 14	MÁSCULINO FEMENINO	2006 – 2005	1.500 m.	17:45 h.
	SUB 16	MÁSCULINO FEMENINO	2004 – 2003	1.500 m.	17:45 h.
ABSOLUTA	SUB 18	MÁSCULINO FEMENINO	2002 – 2001	9.500 m.	18:00 h.
	SUB 20	MÁSCULINO FEMENINO	2000 – 1999	9.500 m.	18:00 h.
	SUB 23	MÁSCULINO FEMENINO	1998 – 1997 – 1996	9.500 m.	18:00 h.
	SÉNIOR	MÁSCULINO FEMENINO	1995 – 1984	9.500 m.	18:00 h.
	MÁSTER 1	MÁSCULINO FEMENINO	1983 – 1979	9.500 m.	18:00 h.
	MÁSTER 2	MÁSCULINO FEMENINO	1978 – 1974	9.500 m.	18:00 h.
	MÁSTER 3	MÁSCULINO FEMENINO	1973 – 1969	9.500 m.	18:00 h.
	MÁSTER 4	MÁSCULINO FEMENINO	1968 – 1964	9.500 m.	18:00 h.
	MÁSTER 5	MÁSCULINO FEMENINO	1963 – 1959	9.500 m.	18:00 h.
	MÁSTER 6	MÁSCULINO FEMENINO	1958 e anteriores	9.500 m.	18:00 h.

* Nota: As categorías PITUFO/A e PREBENXAMÍN non son categorías federadas non haberá, por tanto, nestas carreiras lista de clasificados nin trofeos.

O horario de apertura da secretaría para a **recollida de dorsais será as 16:00 h. na Casa da Cultura do Concello de Brión** e poderán recollerse ata 30 minutos antes do inicio da proba.

A organización da XXXVI CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA deseñou un NOVO CIRCUITO para os atletas que disputen a carreira absoluta. Neste 2018 a proba absoluta vaise celebrar sobre un circuito de 4,75kms (98% asfalto e 2% terra en bó estado) que os participantes terán que completar duas veces (9,5kms). Coa planificación deste novo trazado preténdese que a carreira sexa mais visible e vistosa e ademais eliminase gran parte da dureza converténdose nunha carreira moito mais rápida e amena. En canto aos circuitos das carreiras de menores serán os mesmos que na anterior edición.

Haberá un avituallamento líquido na liña de meta para todolos participantes e para os da carreira absoluta haberá dous avituallamentos líquidos situados nun punto intermedio do circuito.

INSCRICIÓN, PREZOS E SISTEMA DE CRONOMETRAXE

As inscricións realizaranse a través da páxina web **www.carreiragalegas.com**, **ata o mércores 3 de outubro de 2018 as 14:00 hrs**. NON SE ADMITIRAN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.

- CARREIRAS NENOS/AS [de PITUFO a Sub 16]:	GRATUITA
- CARREIRA ABSOLUTA [de Sub 18 a Máster 6]:	PREZO 5€

Para o control de tempos da carreira todos os participantes deberán levar un CHIP que lles será entregado xunto co seu dorsal e que irá colocado na parte de atrás do mesmo. Non será necesario devolvelo ao finalizar a carreira.

O/A atleta que non porte o chip-dorsal en todo momento non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuito.

O chip-dorsal é persoal e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión da carreira. Así mesmo anularanselle todos os dereitos adquiridos coa inscricion na mesma.

Os deportistas inscritos comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.

- Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.

- O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(…) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sin ser autorizadas polo organizador, non están amparadas polos seguros da proba. A FGA non se fará responsable dos danos que estas persoas poidan causar ou causarse.

Todos os particpantes no proba, polo mero feito de realizar a inscrición na carreira popular, aceptan todas e cada unha das regras do presente regulamento e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización da XXXVI CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAIA.

CLASIFICACIÓNS E PREMIOS / TROFEOS

Establecerase unha clasificación individual por orde de chegada e unha clasificación por categorías. As diversas clasificacións poderán consultarse na páxina web: **www.carreirasgalegas.com**

Así mesmo recibiran trofeo e premio en metálico os tres primerios homes e tres primeiras mulleres en cruzar a liña de meta. Os premios económicos establecense da seguinte maneira:

	HOMES	MULLERES
1º CLASIFICADO/A ABSOLUTO/A	200 € + TROFEO	200 € + TROFEO
2º CLASIFICADO/A ABSOLUTO/A	170 € + TROFEO	170 € + TROFEO
3º CLASIFICADO/A ABSOLUTO/A	150 € + TROFEO	150 € + TROFEO

Outorgaranse trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría tanto feminina como masculina, agás nas categorías PITUFO/A e PREBENXAMÍN que non serán competitivas.

Na carreira absoluta tamén recibiran trofeo os tres primeiros homes e tres primerias mulleres en cruzar a liña de meta empradroados no Concello de Brión (para optar a este premio os atletas deberán estar correctamente empadroados no Concello de Brión no momento de formalizar a inscrición)

Os **premios non serán acumulativos**, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos, exceptuando os correspondentes aos empadroados no Concello de Brión. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.

Todos os participantes das categorías PITUFO/A E PREBENXAMÍN recibiran unha medalla conmemorativa.

Todos os participantes que consigan rematar a proba recibirán unha CAMISETA TÉCNICA agasallo da organización como recordo da súa participación.

As reclamacións referentes aos resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuiz árbitro, non mais tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

NOTAS FINAIS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

Nota: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.